

<b>Catálogo Nacional Monumentos Históricos</b>	
<b>Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	SARRIA
<b>Inmueble</b>	Igrexa de San Salvador de Sarria
<b>Dirección</b>	Rúa do castelo, 7. 27600
<b>Coordenadas</b>	42.776763 -7.417561
	
<b>Descripción</b>	<p>A Igrexa de San Salvador de Sarria está datada no século XIII. Construída en cantaría, consta dunha nave rectangular, con teitume de madeira con cuberta a dúas augas e ábsida semicircular. Encadrada no gótico primitivo, presenta na fachada norte un Pantocrátor de trazado arcaizante.</p> <p>A espadana é unha obra posterior, concretamente do 1860, feita polo construtor sarriao Francisco Castiñeira.</p> <p>Contén algún elemento románico, ademais de arcos e portas góticas, A ábsida é de traza románica de transición, con tramo rectangular e cabeceira semicircular, con bóveda de canón e cuarto de esfera, respectivamente.</p> <p>No frontispicio ten unha porta gótica, e no muro norte ábrese unha porta de transición con elementos arcaizantes. Esta ten arco lixeiramente apuntado, formado por arquivolta de baquetonilla, chapiteis con follas e bastóns e unha cabeza humana. No tímpano vese, para uns autores a figura de Cristo en Maxestade, e para outros a de Melquisedec, e mesmo a do rei David, en actitude de bendecir, con inxenuos trazos, no medio de árbores esquematizadas, rematados por unha cruz grega (cruces inscritas en círculos); os canzorros da parte norte representan cabezas humanas, rolos, rosetas e puntas de cravo. Nesta fachada hai numerosos signos lapidarios. Son notables as ferraxes ornamentais, tamén de época medieval, existentes na porta norte.</p>
<b>Campanas y esquilas</b>	2 campás.
<b>Toques actuales</b>	
<b>Conservación</b>	
<b>Protección</b>	

<b>Propuestas</b>	
<b>Autores del registro</b>	Panel informativo do concello de Sarria.
<b>Fecha del registro</b>	14-07-2022

## Campanas actuales

Localización	Campana	Fundidor	Año	Diámetro	Peso
Espadana	<a href="#">Campá menor (2)</a>		1787	55	96
Espadana	<a href="#">Campá maior (1)</a>	<a href="#">BLANCO PALACIOS, ANTONIO (MONDOÑEDO)</a>	1885	65	159

Información completa: [Igrexa de San Salvador de Sarria - SARRIA \(GALICIA\)](#)